

Nomes galegos de aves piciformes

Damos no presente traballo as voces que corresponden ás aves do orden PICIFORMES e familia PÍCIDAS que viven en Galicia e que comprenden as especies: *Dendrocopos minor*, *Dendrocopos major*, *Dryocopus martius*, *Picus viridis* e *Jynx torquilla*.

Son xeralmente aves coñecidas a nivel popular polas súas rechamantes cores, polo seu berro, polos seus niños feitos furando as árbores, por petar co seu longo peteiro contra a madeira e polo seu característico xeito de agatuñar mercede á súa peculiar disposición dixital.

O *P. viridis* de tamaño superior ó merlo é o máis abundante e vese máis cós outros polo cal é moi coñecido popularmente, cousa á que axuda a súa rechamante cor verde-marela. O *D. major*, do tamaño dun merlo, é un pouco menos abundante e a súa presenza vai unida ós soutos caducifolios, polo que é menos coñecido có anterior; a súa cor é branca e negra. O *D. minor*, do tamaño dun gorrión, é bastante raro, polo que é coñecido por escaso número de persoas; a cor é semellante a do devandito. O *J. torquilla* nidifica na nosa terra coma os anteriores, pro logo emigra parcialmente, polo que é difícil de ver, ó que tamén axuda a súa cor apardada, que o mimetiza. O *D. martius* é unha ave grande, do tamaño dun corvo común, de cor negra; é unha especie recentemente desaparecida ó faltarlle os grandes soutos caducifolios que constituían o seu hábitat.

INTRODUCCIÓN ÁS VOCES

Os nomes recollidos son normalmente xenéricos, anque nalgúns casos que veremos, poden ser específicos. Débese considerar que ás veces o mesmo nome usado pra denominar unha especie nun lugar, denomina outra noutra localidade. Por isto preferimos dar no presente traballo estas aves, non por un orde de especies, senón en grupos de palabras que engloben os diferentes vocablos, ben por familias léxicas, ben atendendo a unha vinculación semántica.

G R U P O S

Consideramos en total seis grupos: CABALO, CARPINTEIRO, PETO, PITO, PICA e outros.

GRUPO I

Neste grupo englobámo-las voces: CABALO, CABALO RINCHÓN, CABARCO, RINCHO e RINCHÓN. Todas elas fan alusión a un feito claro que é a voz emitida por estas aves semellante ó rincho dos cabalos.

Na bibliografía consultada non achamos citas que falen de CABALO e semellantes, e si de RINCHÓN e as súas. Como podemos ver no mapa, este grupo está ocupando o centro de Galicia e coexiste con outras voces.

CABALO: Tomado no punto 37 e non identificado, aquí damos tamén as voces PETO e RINCHÓN indicando ser paxaros distintos.

CABALO RINCHÓN: Dado no punto 223 onde está identificado coma *P. viridis*; no punto 225 foi dado como xenérico.

CABARCO: No 52 identificano co DENDROCOPOS SP.

RINCHO: Recollida por González no punto 222 e non identificada claramente xa que di: "pequeño, con lingua muy larga y voz parecida al relincho" polo que se pode referir a calquera destas aves.

RINCHÓN: Documenta González esta voz nos puntos 33, 211 e 214, e dá a mesma explicación do caso anterior. Nós recollémola nas localidades 37 onde tamén dan CABALO e PETO, 40 identificado coma *P. Viridis*, 100 onde din ser distinta do PETO e do PICO CARPINTEIRO, 200 onde dan tamén PETO, 221 identificado coma *D. minor*, 223 onde dan tamén PIQUELO, 224 *P. viridis* tamén PIQUELO, 238 onde coexiste con PETO, 251 tamén PETO, 254 tamén chamado PIQUELO e son voces xenéricas, 256 identificado coma *P. viridis* e 609 identificado coma *P. viridis*, dan tamén PETO.

GRUPO II

As voces que metemos neste grupo son posiblemente unha galeguización da castelán "pájaro carpintero" expresión coa cal se denomina calquera das especies estudadas aquí en publicacións non especializadas. Dáno-nos pé a esta crenza o feito de seren dadas en poucos lugares e moi espallados sin unidade xeográfica e por outra banda, apareceren sempre coexistindo coas voces PETO e as do grupo PITO. Coidamos que estas serían as voces orixinais e enxebres mentres que PAXARO CARPINTEIRO aparecería posteriormente como galeguizada da castelán.

CARPINTEIRO: Recollida por nós nos puntos 10, 92, 205, 404, 607 en todos os cales coexiste con PETO e 633. Non foi identificado en ningures pro coidamos que debe ser xenérico ou referirse ó *P. viridis*.

PAXARO CARPINTEIRO: Está documentada por Rodríguez quen di que é o castelán "pito real" tamén chamado en galego PICAMADEIRAS, PICAMADEIROS e PETO. Nós temos datos en 43, 57, 427 onde tamén dan PITORREI e PITOCALLO e 633.

GRUPO III

Abarca este grupo as voces máis estendidas por Galicia, pois compréndena na totalidade a excepción do centro e leste da provincia de Ourense, onde nalgunhas aparece coma forma coexistente coa xeral da zona.

PETO: Documentao González nos puntos 1, 7, 11, 12, 17 onde coexiste coa xenérica PICAPORTA, 20, 21, 24, 58, 70, 206, 207, 211 onde coexiste con RINCHÓN, 213, 214 onde coexiste con RINCHÓN, 215, 216, 220, 415, 601, 603, 612 onde coexiste con PETO REAL, e 620; identifica esta voz coma xenérica xa que a dá pró *Dendrocopos* e *Picus*. Identificano co xenérico castelán "pico" Carré e Rodríguez, co "pájaro carpintero" García, co "pájaro pico" Sarmiento e coma xenérico dos *Dendrocopos major*, *viridis* e *viridis auratus* Valladares. Tamén o documentan Crespo s.v. castelán "pico barreno" no punto 259 e Franco co equivalente castelán "pito". Nós témolo identificado coma *P. viridis* nos puntos 6, 13, 29, 42, 50, 51, 62, 64, 66, 80, 83 onde coexiste con PICAPETO, 93, 96, 103, 107, 240, 243, 416 e 609 onde coexiste con RINCHÓN; coma *Dendrocopos sp.* nos 40, 95 e 219; non identificado nos puntos 4, 9, 10 tamén CARPINTEIRO, 25 tamén RINCHÓN, 37 onde coexiste con CABALO e con RINCHÓN, 44, 45, 46, 47, 49, 50, 53, 55, 60, 65, 67 onde coexiste con PETO REAL, 68, 78, 82, 85, 87, 88, 89, 91, 92 onde coexiste con CARPINTEIRO, 94, 97, 105, 106 tamén PETRO, 200 tamén RINCHÓN, 205 tamén PETO REAL e CARPINTEIRO, 236, 238 onde coexiste con RINCHÓN, 239, 241, 242, 244, 245, 246, 247, 248, 249, 251 onde coexiste con RINCHÓN, 252, 401, 403, 404 onde coexiste con CARPINTEIRO, 405, 408 onde coexiste con PETO LAGARTEIRO, 409 tamén PETO REAL, 429 tamén PITORREI, 430 onde coexiste con PITOCALLO e PITORREI, 605, 606, 607 onde coexiste con CARPINTEIRO, 611, 617, 625, 626, 627, 628 e 629.

PETO CARPINTEIRO: Puntos 18 identificado coma *P. viridis*, 99 e 250.

PETO DAS COLMEAS: Punto 226.

PETO LAGARTEIRO: No punto 408 onde coexiste con PETO.

PETO MARZO: En 632.

PETO NEGRO: Documentado por Ríos e identificado coma *Picus major*, L.

PETO PEGA: No punto 212 onde coexiste con PETO REAL.

PETOPETO: Punto 90.

PETO POLDRO: Un dato no punto 50 identificado coma *D. major*.

PETO RAAL: Datos nos puntos 67 onde o identifican coma *P. viridis* e 604.

PETO RAIAL: Identificado coma *Dendrocopos sp.* no 68.

PETO REAL: Identificado por Ríos coma *P. viridis* e por Pozo co castelán "pito real". Nós témolo identificado coma *Dendrocopos sp.* nos puntos 13, 14, 50, 66, 228, e 237; coma *P. viridis* nos 52, 72, 95, 205, 219, e 227; non o temos identificado nos puntos 212 onde coexiste con PETO, 409 diferente de PETO, 604, 631 e 632 onde din que é diferente do PETO MARZO.


PETO REIAL: Abonada por Crespo que a recolle das obras de Fuco Gómez no punto 217.

PETORREI: Identificado coma *D. minor* no punto 18, no 403 dérono coma diferente de PETO.

PETO RINCHÓN: Tres datos nos puntos 228, 232 e 237 identificado en todos coma *P. viridis*.

PETORRUBIO: No punto 617 diferente de PETO.

PETRO: Nos puntos 32, 63, 86 identificado coma *P. viridis*, 101, 106 coexiste con PETO e no 438 coexiste con PITORREI.



PETO VERDEAL

PETO: Documentos González nos puntos 1, 7, 11, 12, 17 onde coexisten
 con xacóns piciformes, 20, 21, 24, 25, 70, 90, 97, 211 onde coexisten con
 rinchón, 212, 214 onde coexisten con rinchón, 215, 216, 220, 412, 601, 603,
 612 onde coexisten con peto real e 620; idéntico co xacóns
 xa que a de pío *Dendrocopos* e *Picus*, idéntico co xacóns castelán
 "pico", Carré e Rodríguez co "pájaro carpintero", "pájaro pío",
 "pájaro verde" e co xacóns dos *Dendrocopos* "verde" e "verde castelán",
 "verde" e co xacóns dos *Dendrocopos* "verde" e "verde castelán", no par-
 tido de Valladares. Tamén o documentan Carré e Rodríguez no partido de
 to 239 e Franco co equivalente castelán "pío". Nos restos idénticos
 con *P.* *viridis* nos puntos 6, 12, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41,
 coexisten con picaroto, 92, 98, 103, 107, 108, 109, 110, 111, 112, 113, 114,
 con rinchón; con *Dendrocopos* sp. nos 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58,
 puntos 4 e 9-10 tamén carmineros, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35,
 Carballo e con rinchón, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57,
 con peto real, 68, 72, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94, 95,
 no, 94, 97, 102, 103, 104, 105, 106, 107, 108, 109, 110, 111, 112, 113, 114,
 e carpinteros, 248, 249, 250, 251, 252, 253, 254, 255, 256, 257, 258, 259, 260,
 coexisten con rinchón, 105, 108 onde coexisten con peto real, 409
 tamén peto real, 105, 108 onde coexisten con peto real, 409
 PITONER, 604, 606, 607 onde coexisten con carmineros, 611, 612, 622, 626,
 627, 628 e 629.
 PETO CARBALLO: idéntico co xacóns "pío", 99 e 230.
 PETO REAL: idéntico co xacóns "pío", 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49,
 PETO MAÍ: idéntico co xacóns "pío", 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49,
 PETO VERDEAL: idéntico co xacóns "pío", 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49,
 PETO POLI: idéntico co xacóns "pío", 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49,
 PETO RAAL: idéntico co xacóns "pío", 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49,
 PETO RAIAL: idéntico co xacóns "pío", 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49,
 "pío real", Nois, idéntico co xacóns "pío", 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49,
 14, 20, 66, 228, 229, 230, 231, 232, 233, 234, 235, 236, 237, 238, 239, 240,
 temos idénticos co peto, 412, onde coexisten con peto, 412, onde coexisten
 co peto, 604, 631 e 632.
 - PETO REAL: Abad, idéntico co xacóns "pío", 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49,
 nos no punto 217.
 PITONER: idéntico co xacóns "pío", 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49,
 diferente de peto.
 PETO RINCHÓN: Tres datos nos puntos 32 e 237, idéntico co xacóns "pío",
 dos con *P.* *viridis*.
 PITONER: No punto 617 diferente de peto.
 PETO: Nos puntos 101, 166 co-

GRUPO IV

Como pode verse no mapa de distribución esta familia de voces ocupa a maioría da provincia de Ourense nunha zona xeográfica moi clara.

PITO: Documentao Ríos que o identifica co *Podiceps minor* (ave que non ten que ver coa familia zoolóxica que estudiamos aquí) e Sarmiento que o identifica co castelán “pájaro pico” e co galego PETO.

PITOCALLO: Dado nos puntos 427 onde está identificado coma *D. major*, e no 430 onde coexiste con PETO e PITORREI.

PITO FORMIGUEIRO: Dado no punto 428 e identificado coma *Jynx torquilla* e no punto 431 sin identificar.

PITO REAL: Identificado coma *D. major* no punto 428. González documentao no punto 435 coma xenérico *Dendrocopos* e *Picus*.

PITORREI: Documentao Iglesias que o identifica co xenérico *Dryobates*; Carré, Valladares e Rodríguez co castelán “picamaderos”; González nos puntos 415 e 421 dáa coma xenérica dos *Dendrocopos* e *Picus*. Nós témola identificada coma *P. viridis* en 418, 419, 422, 424, 427 e 428 onde coexiste con PICAPAOS e PITO VERDIAO; coma *Dendrocopos sp.* en 406; coma *Dendrocopos minor* en 431; e non temos identificación nos 400, 411, 414, 420, 423, 429 onde coexiste con PETO, 430 onde coexiste con PETO e PITOCALLO, 433 e 439. Documentao tamén Crespo s.v. castelán “pico barreno” nos puntos 636 e 637. Franco dáa, o mesmo ca PITURREI, coma as casteláns “picamaderas” e “picapinos”.

PITURREI: Identificao Rodríguez co castelán “picamaderos”. Documentada por Franco e identificada coas casteláns “picamaderas” e “picapinos”, o mesmo ca PITORREI.

PITO VERDEAL: Dáo González nos puntos 432 e 434 coma xenérico *Dendrocopos* e *Picus*. No punto 51 coexiste con PETO e está identificado coma *P. viridis*. Documentao tamén Crespo no punto 433 s.v. castelán “pico barreno”.

PITO VERDEALLO: Punto 425 identificado coma *P. viridis*.

PITO VERDELLO: González no punto 407 dáo coma xenérico *Dendrocopos* e *Picus*. Nós témolo no 104 coma *P. viridis*.

PITO VERDIAL: No 417 e 426 identificado coma *P. viridis*.

PITO VERDIAO: No 428 identificado coma *P. viridis* e coexiste con PICAPAOS e con PITORREI.

PITO VERDIAU: No punto 431 está identificado coma *P. viridis*.

GRUPO V

Formamos este grupo con dúas voces diferentes: a) *pica* e derivados; e b) *pico-piquelo*. A primeira está espallada por unhas poucas localidades galegas, mentras que a segunda, na voz *piquelo*, atópase moi localizada na zona do Courel, coexistindo con outras.

a) PICAMADEIRAS: Documentado por Rodríguez que o identifica co castelán “pito real”; dí que é o mesmo ca PICAMADEIROS e PETO.

PICAMADEIROS: O mesmo có anterior según Rodríguez.

PICAPAU: Dado no punto 428 onde coexiste con PITORREI e PITO VERDIAO, está identificado coma *P. viridis*.

PICAPAU: Recollido nos puntos 221 onde é identificado coma *P. viridis* e no 258. Documentado por Carré e Rodríguez coma xenérico *Dendrocopos* e *Picus*. Franco dáa coma xenérica dalgunhas aves trepadoras.

PICAPAU: No 256 identificado coma *Dendrocopos* sp.; coexiste con PIQUELO.

PICAPETO: Identificado coma *P. viridis* nos puntos 79 e 83; neste último coexiste con peto.

PICAPINOS: Documentado por Iglesias, que o identifica co castelán "pitoreal". No punto 13 témolo identificado coma *Dendrocopos* sp.

PICAPORTE: Documentao González no punto 17 dándoo coma xenérico *Dendrocopos* e *Picus* e igual ó galego PETO.

b) PICO CARPINTEIRO: Un dato no 100 onde o dan coma diferente de PETO e RINCHÓN.

PIQUELO: Témolo recollido nos puntos 221, 223 coexiste con CARRACA e RINCHÓN, 255 identificado coma *P. viridis*, 256 coexiste con PICAPAU e está identificado coma *Dendrocopos* sp., 257 identificado coma *P. viridis*. Rodríguez documentao no punto 220 identificándoo co galego PETO.

GRUPO VI

Está formado este grupo por catro voces:

CARRACA: Voz tomada na localidade 223 onde se conocen tamén as voces PIQUELO e RINCHÓN. É posible que esta voz faga alusión ó ruído producido por estas aves ó petar contra os troncos das árbores, semellante ó que fan os instrumentos chamados *carracas*.

FORMIGUEIRO: Documentado por Rodríguez e Franco que a identifican con PETO.

PAPAGAYO: Dá esta voz Sarmiento indicando que é a mesma ave ca PETO e PICO.

PEGO MARXO: Tamén é voz recollida por Sarmiento que di: "*pego marxo* y *pega marxa*. Llaman así en Padrón al pico, ave, y evidentemente viene de *picus martius*". Máis adiante sigue dicindo: "Así como del latín *pica* se formó el castellano *pega*, así del latín *pico* se formó el gallego *pego*. Y hacia Padrón se conserva hoy el nombre gallego *pego marxo* para significar el *picus martius* que es el más famoso de los *picos*. Díjose *martius* por estar dedicado a Marte. En Castilla se llama *pico relincho* por su chillido desagradable. El nombre común en Galicia es *pico*, *peto* y *pito*"... Nótase a semellanza desta voz coas dadas anteriormente PETO PEGA e PETO MARZO ambas en puntos moi distantes entre sí. Tamén queremos facer notar a similitude de PEGO MARXO con PEGA MARZA que é o *Garrulus glandarius*, ave distinta das esudiasdas neste traballo. No tocante a *martius* diremos que esta palabra aparece como específico do *Drycopus* que é como xa dixemos unha ave do tamaño e da cor do corvo común o cal nos fai pensar que, como di Sarmiento, "vendría este nombre de estar dedicado a Marte", pola evidente

relación de parecido cos corvos, aves como se sabe moi relacionadas cos deuses e agoiros dos romanos.

COMENTARIOS ÁS VOCES

PETO: Fai alusión ó seu hábito de petar rítmicamente co seu peteiro nas árbores.

PIQUELO: Diminutivo de PICO. Posiblemente nun principio servise pra se referir á máis pequena destas aves.

PETO DAS COLMEAS: Alude á alimentación inseitivora destas aves, que ás veces fan incursións ás colmeas.

PETO LAGARTEIRO: Posible alusión ó canto relativamente parecido ó do lagarteiro (*Falco tinnunculus*).

PETO NEGRO: Indudable alusión á cor.

PETO PEGA: Pode ser alusión ó parecido entre os *Dendrocopos* e a pega (*Pica pica*), ambos de cor branca e negra.

PETO POLDRO: Fai alusión ó parecido entre os rinchos destas aves e as cabalarías.

PETO REAL e similares: É normal en toda Galicia que o adxetivo "real" se aplique a aquelas aves en que a súa cor sexa interpretada coma a máis chamativa dentro do xénero, anque aquí é tan rechamante o verde-roxo do *P. viridis* coma o branco-negro-roxo dos *Dendrocopos*; ás veces este adxetivo refírese tanto a uns coma ós outros según a suxetividade do individuo. Nós reservámo-la voz real pró *Dendrocopos* e a voz verdeal pro *P. viridis*.

PITORREI e similares: O mesmo có anterior.

PETO RINCHÓN e similares: O mesmo que poldro.

CABALO: O mesmo que *peto poldro*.

VERDEAL e similares (Peto, Pito, etc.): Alusión á cor verde do *P. viridis*.


PICAMADEIRAS, PICAPAUS, PICAPINOS, etc.: Alude ó seu hábito de furar os carballos en procura de alimento e pra facé-lo niño.

PITO FORMIGUEIRO: Alude á alimentación a base de formigas.

CONCLUSIÓNS

De todo o esposto pódese deducir, dunha forma xeral, que a maioría das voces son xenéricas, referíndose a calquera ave das indicadas naqueles lugares onde hai varias; nos outros maioritariamente indican o *P. viridis* que, como decíamos na introducción, é de todas a máis abundante e coñecida; son poucas as localidades onde se distinguen varias voces pra varios paxaros. Aproveitando estas diferencias precisamente e nun intento de unificación, propoñemos pra estas aves os seguintes nomes:

<i>Picus viridis</i>	PETO VERDEAL
<i>Dendrocopos major</i>	PETO REAL
<i>Dendrocopos minor</i>	PETO PEQUENO
<i>Dryocopus martius</i>	PETO NEGRO
<i>Jynx torquilla</i>	PITO FORMIGUEIRO



AVES PICIFORMES

Grupos

Coexistencias

CABALO	*	PETO-PITO	●○
CARPINTEIRO	*	PETO-CARPINTEIRO	●*
PETO	○	PETO-CABALO	○*
PITO	□	PETO-PICO	◐◑
PICO	▲	PICO-CABALO	▲*
		PITO-CARPINTEIRO	◑*

Pra todos eles, a excepción do derradeiro, collémo-la voz xenérica de PETO por sé-la máis estendida xeográficamente. Como pra designar a cada especie é imprescindible unha denominación binaria, damos unha segunda voz que sigue ó tempo os adxetivos populares e aquelas características máis peculiares da ave, de ahí o de reservar a VOZ REAL pró *D. major* e a voz VERDEAL pró *P. viridis* en razón á súa cor; o específico PEQUENO pró *D. minor* en razón do seu tamaño; a voz NEGRO pró *D. martius* por ser ésta a súa cor; por último chamamos PITO FORMIGUEIRO ó *Jynx torquilla* por ser unha ave un pouco distinta e coidamos que lle vai tamén ben unha voz distinta e completamente popular.

LISTA DE LOCALIDADES E BIBLIOGRAFÍA

Remitimos ó noso anterior traballo en *Verba 3*; aquí sóio damos os puntos non incluídos no devandito por erro tipográfico e algúns novos datos.

A CRUÑA:

- 105 Sixto-Ribasar (Rois).
- 106 Rois.
- 107 A Cruña.

LUGO:

- 200 Navia de Suarna.
- 202 Pontenova.
- 216 Monterroso.
- 224 Esperante (Folgo do Courel).
- 225 Mostaz (Folgo do Courel).
- 255 Vilarbacú (Folgo do Courel).
- 258 O Seixo (Pedrafita).
- 259 Sarria.

OURENSE:

- 400 Calvelo (Maceda).
- 410 Abelenda das Penas (Carballeira de Avia).
- 411. Ourense.

PONTEVEDRA:

- 636 Tui.
- 637 Ponteareas.

JOSÉ MANUEL PENAS PATIÑO
CARLOS PEDREIRA LÓPEZ